

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e seis de decembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta.

Non asisten e presentan escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, dos borradores da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 13 de decembro de 2019, da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de decembro de 2019 e da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 19 de decembro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 13 de decembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 17 de decembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 19

de decembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta) aprobou o citado borrador.

2º.- Boletíns e correspondencia

Non se utilizou este punto da orde do día

3º.- Expedientes de contratación

3.1. Proposta de designación de responsable de contrato para a execución da obra "Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase II". Expediente 2019/C003/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/12/2019 adxudicouse a obra de "Remodelación da Praza Europa en Cambre. Fase II" a prol do licitador "Jardinería Arce S.L." no prezo ofertado de 78.347,11 € sen IVE, 94.800 € IVE incluído.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Designar responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Segundo: Notifíquese ao arquitecto municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Prórroga á anualidade 2020, dos contratos subscritos para a organización do mercado galaico-romano "Galaicoi" e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV romería galaico-romana "GALAICOI" a celebrar no Concello de Cambre, Lotes nºs 1, 2 e 5. Expediente: 2019/C004/000012

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

Visto que no expediente nº 2019/C004/000012, para execución do “contrato mixto de servizos e subministrados para a organización do mercado galaico-romano “Galaicoi” e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da IV romería galaico-romana “GALAICOI” a celebrar no Concello de Cambre”, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día doce de xullo de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, os seguintes acordos de adjudicación dos lotes nºs 1, 2 e 5 integrantes do presente expediente ás entidades que seguidamente se relacionan::

- Lote nº 1 (*Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico-romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría*), á empresa “Espectáculos A. M. B. Producciones, S.L.”, con NIF B96897236 e domicilio na rúa San Martín nº 25, 46970 Alaquás (Valencia), no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 19.600,00 euros sen IVE (23.716,00 euros IVE incluído)

- Lote nº 2 (*Aluguer, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos*), á empresa “Suministros Generales Manufacturados, S.L.”, con NIF B15009681 e enderezo na rúa Perpetuo Socorro nº 1, baixo, 15006 A Coruña, no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 1.100 euros sen IVE (1.331,00 euros IVE/IVE incluído)

- Lote nº 5 (*Servizos de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais*) á empresa “Fluge Galicia, S.L.”, con NIF B87037883 e enderezo na Avenida de la Técnica nº 13, 28522 Rivas-Vaciamadrid, (Madrid), polo prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 4.545,00 euros sen IVE, (5.499,45 euros IVE/IVE incluído)

OS contratos coas entidades adjudicatarias fóron asinados con datas do 16/07/2019 (lote nº 1), e 17/07/2019 (lotes nºs 2 e 5).

Visto que, consonte a cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e epígrafe 6 do anexo I do cadro de características do contrato, e cláusulas cuartas dos citados contratos asinados, estes poden prorrogarse á anualidade 2020, previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo máximo de tres meses a partir da data no que se efectúe o acto formal facendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos os traballos correspondentes ao ano 2019, de xeito que as prórrogas así acordadas serán obrigatorias para os empresarios, tal e como establece o art. 29.2 da LCSP, tendo en conta que as características dos contratos permanecerán inalterables, sen perxuízo das modificacións que se poidan introducir a teor do prevenido nos arts. 203 a 207 de dito texto normativo.

Vistos os informes favorables emitidos polo técnico en promoción económica do Concello de Cambre, coas seguintes datas :

Respecto ao contrato suscrito para o Lote nº 1 :

o Informe de data 03/09/2019, de aprobación da factura, no que consta que a empresa adxudicataria prestou os servizos e realizou as subministracións necesarias de conformidade cos requisitos e condicións establecidas.

o Informe de data 05/12/2019 , de acreditación dos medios humanos e materiais e cumprimento das condicións especiais de execución do contrato, no que se consideran acreditados os medios humanos e materiais destinados á execución do contrato e cumpridas as condicións especiais de execución por parte da empresa “Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L.”

- Respecto ao contrato suscrito para o Lote nº 2

o Informe de data 20/08/2019, de aprobación da factura, no que consta que a empresa adxudicataria facilitou o aluguer, instalación, mantemento e retirada dos servizos sanitarios químicos de conformidade cos requisitos e condicións establecidas.

o Informe de data 07/11/2019 , de acreditación dos medios humanos e materiais e cumprimento das condicións especiais de execución do contrato, no que se consideran acreditados os medios humanos e materiais destinados á execución do contrato e cumpridas as condicións especiais de execución por parte da empresa “Suministros Generales Manufacturados, S.L.” (SUGEMA)

- Respecto ao contrato suscrito para o Lote nº 5

o Informe de data 11/09/2019, de aprobación da factura, no que consta que a empresa adxudicataria realizou a instalación, mantemento e retirada dos sistemas de son e iluminación requiridos de conformidade cos requisitos e condicións establecidas.

o Informe de data 07/11/2019 , de acreditación dos medios humanos e materiais e cumprimento das condicións especiais de execución do contrato, no que se consideran acreditados os medios humanos e materiais destinados á execución do contrato e cumpridas as condicións especiais de execución por parte da empresa “Fluge Galicia, S.L.”

Vistos os informes favorables ás prórrogas dos contratos suscritos para a execución dos tres lotes, emitidos polo técnico en promoción económica do Concello de Cambre coa conformidade da responsable de Axencia de Desenvolvemento Local, con data do 10 de decembro de 2019.

Ao abeiro do establecido nas cláusulas IV dos contratos, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 6 do anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a prórroga á anualidade 2020 do contrato suscrito con data do 16 de xullo de 2019 coa entidade “Espectáculos A.M.B. Producciones, S.L.”, para o Lote nº 1 (*Servizo de organización e dinamización dun mercado temático de carácter galaico-romano e decoración, ambientación e delimitación dos espazos da romaría*), dos integrantes do contrato mixto de servizos e subministracións correspondente á organización do mercado galaico-romano “Galaicoi” e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da romería galaico-romana “GALAICOI” a celebrar no Concello de Cambre”.(Expediente 2019/C004/000012)

Segundo: Aprobar a prórroga á anualidade 2020 do contrato suscrito con data do 17 de xullo de 2019 coa entidade “Suministros Generales Manufacturados, S.L. (Sugema S.L.)”, para o Lote nº 2 (*Aluguer, instalación, mantemento e retirada de servizos sanitarios químicos durante o desenvolvemento da romaría*) dos integrantes do contrato mixto de servizos e subministracións correspondente á organización do mercado galaico-romano “Galaicoi” e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da romería galaico-romana “GALAICOI” a celebrar no Concello de Cambre”.(Expediente 2019/C004/000012)

Terceiro: Aprobar a prórroga á anualidade 2020 do contrato suscrito con data 17/07/2019 coa entidade “Fluge Galicia S.L.”, para o Lote nº 5 (*Servizo de sonorización e iluminación para a Romaría e para as representacións teatrais programadas no Anfiteatro durante a súa celebración*) dos integrantes do contrato mixto de servizos e subministracións correspondente á organización do mercado galaico-romano “Galaicoi” e dotación de infraestruturas necesarias para a realización da romería galaico-romana “GALAICOI” a celebrar no Concello de Cambre”. (Expediente 2019/C004/000012)

Cuarto: Notifica-los presentes acordos aos adxudicatarios, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do

13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Quinto: Notificar ao departamento de Intervención municipal e máis á Axencia de Desenvolvemento Local, así como á Técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.3. Prórroga á anualidade 2020, do contrato suscrito coa entidade “Artestudio Xestión Cultural, S.L.”, para a execución do servizo de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico-Romana “Galaicoi” a celebrar no Concello de Cambre, Lote nº 2 (Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana “ Galaicoi”). Expediente: 2019/C004/000013

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 19 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2019/C004/000013, para execución do servizo de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico-Romana “Galaicoi” a celebrar no Concello de Cambre , a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do día doce de xullo de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo de adxudicación do lote nº 2 dos integrantes do presente expediente á entidade que seguidamente se relaciona :

- Lote nº 2 (Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana “ Galaicoi”), á empresa “ Artestudio Xestión Cultural, S.L.”, con NIF B70206008 e domicilio na rúa Marina Nieto Álvarez nº 12, 15009 A Coruña, no prezo ofertado para o ano 2019, co compromiso de mantelo para o caso de que se acordase a prórroga contractual ao ano 2020, de 1.960,00 euros sen IVE (2.371,60 euros IVE incluído)

Visto que o contrato coa entidade adxudicataria foi asinado con data do 17 de xullo de 2019.

Visto que, consonte a cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e epígrafe 6 do anexo I do cadro de características do contrato , e cláusula cuarta do citado contrato asinado, este pode prorrogarse á anualidade 2020, previo acordo do órgano de contratación adoptado no prazo máximo de tres meses a partir da data no que se efectúe o acto formal facendo constar que se realizaron satisfactoriamente todos os traballos correspondentes ao ano 2019, de xeito que a prórroga así acordada será obligatoria para o empresario, sempre que, unha vez notificada, sexa aceptada de forma expresa dentro do mes seguinte á notificación do acordo.

Vistos os informes favorables emitidos polo técnico en promoción económica do Concello de Cambre, coas seguintes datas:

- o Informe de data 31/07/2019, de aprobación da factura, no que consta que a empresa adxudicataria facilitou a representación de dúas obras teatrais de temática clásica a cargo dunha compañía de contrastado prestixio, ocupándose da produción das obras a representar, de conformidade cos requisitos e condicións establecidas.
- o Informe de data 05/12/2019, de acreditación dos medios humanos e materiais e cumprimento das condicións especiais de execución do contrato, no que se consideran acreditados os medios humanos e materiais destinados á execución do contrato e cumpridas as condicións especiais de execución por parte da empresa "Artestudio Xestión Cultural, S.L."

Visto o informe favorable á prórroga do contrato suscrito para a execución deste lote, emitido polo técnico en promoción económica do Concello de Cambre coa conformidade da responsable de Axencia de Desenvolvemento Local, con data do 11 de decembro de 2019.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, e no epígrafe 6 do anexo I do antedito prego, e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014,

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a prórroga á anualidade 2020 do contrato suscrito con data do 17 de xullo de 2019 coa entidade "Artestudio Xestión Cultural, S.L.", para o Lote nº 2 (*Servizo de realización da representación de dúas obras de teatro clásico dentro das actividades da Romaría Galaico Romana "Galaicoi"*), integrante do expediente para execución do servizo de realización de actividades de recreación e teatrais durante a IV Romaría Galaico-Romana "Galaicoi" a celebrar no Concello de Cambre, Expediente 2019/C004/000013

Segundo: De conformidade co establecido na cláusula 9 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente, epígrafe 6 do anexo I do cadro de características do contrato, e cláusula cuarta do contrato asinado coa empresa con data 17/07/2019, a prórroga deberá ser aceptada de forma expresa pola entidade contratista dentro do mes seguinte á notificación do presente acordo.

Terceiro: Notifica-los presentes acordos ao adxudicatario, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor

do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Cuarto : Notificar ao departamento de Intervención municipal e máis á Axencia de Desenvolvemento Local, así como á Técnica de xestión de Administración xeral, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.4. Declaración de desertos por falta de licitadores, dos dous lotes integrantes do expediente de contratación núm. 2019/C004/000022, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, avaliable mediante xuízo de valor e de apreciación automática), correspondente aos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019 .Expte: 2019/C004/000022

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente incoado co nº 2019/C004/000022, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, avaliable mediante xuízo de valor e de apreciación automática), correspondente aos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes (Lote nº 1 : Defensa xurídica e asistencia letrada, e Lote nº 2 : Representación procesual), cun valor estimado total para os dous lotes de 5.101,34 euros e un orzamento base de licitación total para os dous lotes de 6.172,63 euros, expediente que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do día vinte e oito de novembro de dous mil dezanove.

Visto que o anuncio para a licitación do expediente foi publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público , onde se atopa aloxado o Perfil de Contratante do Concello de Cambre coa mesma data do 29 de novembro de 2019, rematando o prazo para presentación das ofertas o día 16 de decembro seguinte.

Vista a certificación expedida pola secretaria xeral da Corporación, co visto e prace da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos con data do 18 de decembro de 2019, na que se transcribe o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral no que se indica que, unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións, non consta na Plataforma de Contratación do Estado a presentación electrónica de ningunha oferta.

Á vista do exposto, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar desertos, por falta de licitadores, os dous lotes integrantes do expediente de contratación núm. 2019/C004/000022, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, avaliable mediante xuízo de valor e de apreciación automática), correspondente aos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes (Lote nº 1 : Defensa xurídica e asistencia letrada, e Lote nº 2 : Representación procesual), esto á vista do establecido no artigo 150.3 in fine, e concordantes, da LCSP.

Segundo: Publicar o presente acordo de declaración de deserto no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, esto de conformidade co establecido no artigo 63.3.e) da Lei 9/2017 de contratos do sector público.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 13 ao 19 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2538/2019 e remata coa resolución da alcaldía número 2609/2019, segundo se relaciona a seguir:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto |
|------------|---------------|--|
| 2538/2019 | 13-12-2019 | Cobro actividades extraescolares curso 2019/2020-1º trimestre |
| 2539/2019 | 13-12-2019 | Aprobación de estruturas móbiles para a Belén Vivente Bribes, 2019 |
| 2540/2019 | 13-12-2019 | Proposta de aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe de 27.636,64 euros |
| 2541/2019 | 13-12-2019 | Proposta de aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe de 77.531,19 euros |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|-----------|------------|--|
| 2542/2019 | 13-12-2019 | Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de decembro de 2019 |
| 2543/2019 | 13-12-2019 | Solicitud de salón de plenos para matrimonio civil o día 17.12.2019 as 12:00 |
| 2544/2019 | 13-12-2019 | Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio de promoción do baloncesto 2017 |
| 2545/2019 | 13-12-2019 | Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 79.836,32 euros |
| 2546/2019 | 16-12-2019 | Convocatoria Xunta de Voceiros extraordinaria |
| 2547/2019 | 16-12-2019 | Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 19 de decembro de 2019, con carácter supletorio da correspondente ao día 26 de decembro de 2019 |
| 2548/2019 | 16-12-2019 | Aprobación do gasto e da actividade comida de Nadal para as persoas voluntarias participantes no proxecto de voluntariado visitas de Papá Noel e Reis Magos nos centros de ensino de Cambre 2019 |
| 2549/2019 | 16-12-2019 | Expediente de transferencia de crédito núm. 12/2019. Inversión ordeación estacionamento |
| 2550/2019 | 16-12-2019 | Conceder a licenza municipal para a substitución de dúas válvulas existentes nas acometidas de gas natural canalizado dos edificios sitos na rúa Río Miño, Cambre. Solicitante: NG, S.A. |
| 2551/2019 | 16-12-2019 | Expediente sancionador por instalación de terraza en local denominado O Jaleo sito en rúa Ánxel Fole, O Temple. Propiedade: Sandra Cabral Lago |
| 2552/2019 | 16-12-2019 | Expediente sancionador por presunta infracción á ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público por realización de graffitis en varios puntos do termo municipal por SMR |
| 2553/2019 | 16-12-2019 | Conceder a licenza municipal para executar unha acometida á rede pública de augas pluviais na finca sita en Pena da Nosa Señora, Cambre. Solicitante: MVS |
| 2554/2019 | 16-12-2019 | Expediente sancionador por presunta infracción á Ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público por realización de graffitis en varios puntos do termo municipal por JSM |
| 2555/2019 | 16-12-2019 | Expediente sancionador por presunta infracción á Ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público por realización de graffitis en varios puntos do termo municipal por DMB |
| 2556/2019 | 16-12-2019 | Conceder a licenza municipal para a execución dunha rampla para accesibilidade na beirarrúa existente fronte ao local sito no Paseo Marítimo, O Temple. Solicitante: IEyS, S.C. |
| 2557/2019 | 16-12-2019 | Expediente sancionador por carecer de cartel informativo de prohibición de venda a alcohol a menores de idade en local denominado Tropical Coffee Pub sito en Paseo Marítimo, O Temple. Propiedade: YSHD |
| 2558/2019 | 16-12-2019 | Conceder a licenza municipal para a construción dun muro de contención e dun cerramento na finca sita en Quintán, Cambre. |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|-----------|------------|--|
| | | Solicitante: MVRM |
| 2559/2019 | 16-12-2019 | Expediente sancionador por carecer de cartel informativo de prohibición de venda de alcohol a menores de idade en Estación de Servicio La Telva Sigrás. Propiedade: LT, S.L. |
| 2560/2019 | 16-12-2019 | Autorización apertura urna perimetral sinalada co número 90, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de depositar as cinzas de FGZ, titular do dereito. Expte. 2019/G003/002634 |
| 2561/2019 | 16-12-2019 | Solicitude acondicionamiento camiños e fincas por estado de parcela sita en Seoane, Anceis. Propiedade: JLRC |
| 2562/2019 | 16-12-2019 | Solicitude acondicionamiento camiños e fincas por estado de parcela sita en Seoane, Anceis. Propiedade: Herdeiros de MRM |
| 2563/2019 | 16-12-2019 | Expediente de transferencia de crédito núm. 13/2019. Gastos de persoal |
| 2564/2019 | 16-12-2019 | Empresas admitidas no concurso de escaparates e nomeamento de xurado |
| 2565/2019 | 17-12-2019 | Pagamento nómina e extraordinaria do mes de decembro de 2019 por un importe bruto de 720.964,13 euros |
| 2566/2019 | 17-12-2019 | Proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de crédito correspondente a facturas con reparos por importe de 8.956,51 euros |
| 2567/2019 | 17-12-2019 | Aprobación de certificacións de obra, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 18.556,14 euros, así como o seu pagamento |
| 2568/2019 | 17-12-2019 | Expediente sancionador por instalación de terraza con más mesas de las autorizadas en local denominado Casa Leonardo sito en rúa Temple, O Temple. Propiedade: XMLO |
| 2569/2019 | 17-12-2019 | Licenza de segregación de finca sita en Sigrás de Abaixo 10 a nome de JJBB |
| 2570/2019 | 17-12-2019 | Expediente sancionador por instalación de terraza sen licenza frente ao local denominado Café-Bar Centro sito en rúa Cruceiro, Cambre. Propiedade: ARV |
| 2571/2019 | 17-12-2019 | Licenza de construción dunha vivenda unifamiliar en San Roque, Santa María de Vigo |
| 2572/2019 | 17-12-2019 | Orde de execución por vertido de augas en Casa Arrigada desde a Urbanización Arrigada, provocando o derrumbe dun muro e humidade na edificación |
| 2573/2019 | 17-12-2019 | Suspensión temporal dos acordos relativos á aprobación das liquidacións complementarias do I.C.I.O., resolucións nº 2055/2019, 2058/2019 e 2188/2019 |
| 2574/2019 | 17-12-2019 | Concesión de bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e na prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais (4º trimestre 2019) |
| 2575/2019 | 17-12-2019 | Concesión de bonificación da cota da taxa por subministración |



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

| | | |
|-----------|------------|---|
| | | de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular ou pagador da póliza de abono ou o seu cónxuxe, ostente a condición de familia numerosa (4º trimestre 2019) |
| 2576/2019 | 17-12-2019 | Aprobación de gratificacións aos clubs participantes no XXXV Torneo de Chave Concello de Cambre 2019 |
| 2577/2019 | 17-12-2019 | Nomeamento interino dunha educadora social para o desenvolvemento do programa Píllara |
| 2578/2019 | 17-12-2019 | Licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar en ctra Estación, propiedade de PGP |
| 2579/2019 | 17-12-2019 | Convocatoria e bases para a creación de relación de candidatos de docentes para nomeamentos interinos e/ou contratación laboral temporal |
| 2580/2019 | 17-12-2019 | Ausencia de dona Maria del Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, dende o día 23 de decembro de 2019 ao 2 de xaneiro de 2020, ambos os dous incluídos |
| 2581/2019 | 17-12-2019 | Convocatoria e bases para a creación de relación de candidatos para nomeamentos interinos de oficiais de obras, operarios condutores e operarios de servizos múltiples |
| 2582/2019 | 17-12-2019 | Convocatoria Xunta Voceiros extraordinaria o día 8 de xaneiro de 2020 ás 20:00 horas para debate sobre a aplicación do ROM |
| 2583/2019 | 17-12-2019 | Axuda emerxencia social alimentos CMLG |
| 2584/2019 | 17-12-2019 | Axudas emerxencia social alimentos MRSF |
| 2585/2019 | 17-12-2019 | Axuda emerxencia social alimentos B de IGM |
| 2586/2019 | 18-12-2019 | Proposta de aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe de 27.197,87 euros |
| 2587/2019 | 18-12-2019 | Contrato Menor a Paula Veira Porto (LIBRERÍA LUME) para adquisición de lecturas obrigatorias curso 2019/2020 e Clubs de lectura 2019/2020 |
| 2588/2019 | 18-12-2019 | Expediente de transferencia de crédito núm. 14/2019. Aplicacións área de gasto 4 |
| 2589/2019 | 18-12-2019 | Expediente de transferencia de crédito núm. 15/2019. GDR Mariñas Betanzos |
| 2590/2019 | 18-12-2019 | Aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre do cuarto trimestre de 2019 |
| 2591/2019 | 18-12-2019 | Aprobación de despesas dos gastos de Seguridade Social do mes de novembro de 2019, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, e dos mandamentos de pago das retencións practicadas na nómina do mes de decembro de 2019. |
| 2592/2019 | 18-12-2019 | APSV Contratación do servizo para a actividade denominada " Cea de Nadal" dirixida aos participantes do Programa de lecer e diversidade funcional. |
| 2593/2019 | 18-12-2019 | Denegación axuda alimentación ALO segundo o disposto no |

| | | |
|-----------|------------|---|
| | | artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, a unidade de convivencia supera o límite de ingresos establecidos |
| 2594/2019 | 18-12-2019 | Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en finca sita en Fonte da Vila, Santa María de Vigo, Cambre |
| 2595/2019 | 18-12-2019 | Axuda emerxencia social alimentos MTLF |
| 2596/2019 | 18-12-2019 | Recorrido bases pastorciños e gastos Cabalgata 2020 |
| 2597/2019 | 18-12-2019 | Declarar o desestimento á solicitude de don XVL da axuda individual de bono taxi segundo o disposto na base sexta das Bases da convocatoria, por non achegar a documentación solicitada no escrito recibido polo interesado con data 6 de novembro de 2019 |
| 2598/2019 | 19-12-2019 | Compra vehículo patrulla policía local, Seat Altea 4138hxn |
| 2599/2019 | 19-12-2019 | Solicitude de fraccionamento de débeda de ARA: Taxa polo subministro de Auga, sumidoiro, depuración e canon da auga do 2º trimestre 2019, núm. de recibo 4682/192 |
| 2600/2019 | 19-12-2019 | Avocación de competencias do cuarto tenente de alcalde don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dende o día 23 de decembro de 2019 ao 5 de xaneiro de 2020, ambos os dous incluídos |
| 2601/2019 | 19-12-2019 | Proposta de aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe de 189.811,30 euros |
| 2602/2019 | 19-12-2019 | Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 19 de decembro de 2019 |
| 2603/2019 | 19-12-2019 | Aprobación do concello de Cambre como sede e coorganizador, xunto coa Fundación Zerumuga, da VII Gala do Fútbol feminino Galego |
| 2604/2019 | 19-12-2019 | Resolución al Recurso de Reposición presentado contra la Resolución nº 2234/2019 de data 11/11/2019 |
| 2605/2019 | 19-12-2019 | Aprobación de certificación de obra correspondente á obra "MELLORA CAMIÑO MUNICIPAL 0091 EN O PASTEL - PRAVIO (SUBVENCIÓN AGADER)", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes a factura por importe total de 37.800,00 euros, así como o seu pagamento |
| 2606/2019 | 19-12-2019 | Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por MIAT para a reparación e impermeabilización do muro lateral e reparación da zona de fiestra na construción auxiliar sita na rúa Pumar Méndez, Cambre |
| 2607/2019 | 19-12-2019 | Rentabilización de excedentes temporais de tesourería, ano 2019 |
| 2608/2019 | 19-12-2019 | Aprobación de certificacións da obra "ampliación do saneamento en nebrixe (bribes)" (pos +adicional 1/2018), e facturas correspondentes. fase o |
| 2609/2019 | 19-12-2019 | Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 64.653,29 euros |

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación á entidade Jardinería Arce, S.L., no prezo ofertado de 19.400,00 € sen IVE, 23.474,00 € IVE incluído, da obra de “*Reforma da zona de xogos infantís do CEIP Wenceslao Fernández Flórez . Cambre*”. Expediente núm. 2019/C002/000451
- Aprobación de documento corrixido correspondente ao capítulo C14 para incorporar ao proxecto publicado no expediente de contratación da obra “*Edificio socio cultural na parroquia de Cela. LG Pena (suelo) A Igrexa Cela. 15660 Cambre*”, e apertura dun novo prazo de presentación de ofertas. Expte : 2019/C003/000009

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A.- Proposta de adxudicación á entidade Jardinería Arce, S.L., no prezo ofertado de 19.400,00 € sen IVE, 23.474,00 € IVE incluído, da obra de “Reforma da zona de xogos infantís do CEIP Wenceslao Fernández Flórez . Cambre”. Expediente núm. 2019/C002/000451

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 25 de novembro de 2019 elabórase pola arquitecta técnica municipal o documento denominado “*Descrición Técnica para a “Reforma da zona de xogos infantís do CEIP Wenceslao Fernández Flórez . Cambre*”, no que se describen e valoran as actuacións a realizar na zona de xogo para os máis pequenos ubicada na parte posterior do edificio do colexio, consistentes en : levantar o céspede existente creando unha nova soleira de formigón sobre a que se propón un novo pavimento continuo de caucho; a limpeza da parede e aplicación dunha pintura con efecto pizarra; a incorporación á zona de dúas árbores existentes mediante a realización de dous alcorques de caucho continuo, así como a realización na zona de paso cara á outra área de xogo dun pavimento de xabre-cemento, e a colocación dun cartel sinalizador e subministración de certificado de área de xogos, todo elo por un importe de 19.459,42 euros sen IVE, e 23.545,90 euros IVE incluído.

Con data 25/11/2019 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo arquitecto municipal, o Sr. Alcalde e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade desta contratación debido á que a dita contratación considérase necesaria para renovar unha zona para xogos infantís que, debido ao uso e falta de mantemento, presenta diversos danos que non aconsellan o seu uso; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución da Alcaldía nº 1323/2019 do 1 de xullo .

Con data 25/11/2019 elaborouse polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, coa conformidade do Sr. Alcalde e da concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento de prescricións técnicas para a contratación das obras anteditas, propoñendo como único criterio de valoración o factor prezo.

Con data 12/12/2019 emítese polo interventor municipal informe de fiscalización nº 421/2019, favorable á tramitación do expediente, no que consta a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 323.21200 e que as empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non superan os 40.000 euros en obras no presente exercicio orzamentario, emitíndose documento de retención de crédito con data do 11/12/2019.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 18/12/2019 emítese informe polo arquitecto municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Jardinería Arce, S.L.
- Construcciones López Cao, S.L.
- Murat Construcción y Mantenimiento S.L.

e que presentou oferta a empresa que a continuación se relaciona:

| Empresa | Porcentaxe baixa | Oferta IVE incluído |
|-----------------------|------------------|---------------------|
| Jardinería Arce, S.L. | 0,31 | 23,474,00 € |

formulando proposta de adxudicación da obra de *“Reforma da zona de xogos infantís do CEIP Wenceslao Fernández Flórez . Cambre”*, á entidade Jardinería Arce, S.L., no prezo ofertado de 23.474,00 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo oferta, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola técnica de Xestión de Administración Xeral de data 23 de decembro actual, por parte desta Concellería considérase comprobado o

cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado “*Descrición Técnica para a Reforma da zona de xogos infantís do CEIP Wenceslao Fernández Flórez . Cambre*”, elaborado pola arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López cun importe de 19.459,42 euros sen IVE, e 23.545,90 euros IVE incluído, así como o documento de prescricións técnicas da obra asinado con data 25/11/19 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, o Sr. Alcalde e a concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , e maila necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 323.21200

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000451, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para execución da obra de “*Reforma da zona de xogos infantís do CEIP Wenceslao Fernández Flórez . Cambre*”, á entidade Jardinería Arce, S,L., con NIF B1554----, e domicilio na rúa Manuel Murguía, nºs 4-6, entresollado, 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 19.400,00 € sen IVE, 23.474,00 € IVE incluído, por ser a única licitadora que presentou oferta , sen atoparse incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como director de obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito , a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao arquitecto municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido

nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B. -Aprobación de documento corrixido correspondente ao capítulo C14 para incorporar ao proxecto publicado no expediente de contratación da obra “Edificio socio cultural na parroquia de Cela. LG Pena (suelo) A Igrexa Cela. 15660 Cambre”, e apertura dun novo prazo de presentación de ofertas. Expte : 2019/C003/000009

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 23 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“A Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria do día 10 de decembro de 2019, acordou, entre outros asuntos, aprobar o Proxecto básico e de execución para o edificio socio cultural na Parroquia de Cela. Cambre, redactado polo arquitecto don David Sarmiento Nogueira, cun orzamento base de licitación de 189.821,10 € IVE incluído e integrado polos catro documentos que seguidamente se relacionan:

- Proxecto básico e de execución edificio socio cultural parroquia de Cela, Tomo I, asinado con data 25/9/2019
- Proxecto básico e de execución edificio socio cultural parroquia de Cela, Tomo II, asinado con data 25/9/2019
- Planos I asinado con data 28/5/2019
- Planos II asinado con data 25/9/2019

Con data do 13 de decembro de 2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente, acordou aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C003/000009, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente á obra “Edificio socio cultural na parroquia de Cela. LG Pena (suelo) A Igrexa Cela. 15660 Cambre”, cun valor estimado de 172.564,63 € e un orzamento base de licitación de 189.821,10 € IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

O anuncio de licitación , xunto cos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP, fóron publicados no Perfil de Contratante do Concello de Cambre aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 13/12/2019, rematando o prazo para a presentación de proposicións o día 2 de xaneiro de 2020 ás 23:59 horas.

Con data do 19 de decembro de 2019, formúlase a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, no expediente publicado, unha pregunta dun interesado, que fai referencia á existencia dun erro no capítulo C14 do proxecto, referido a “Urbanización”, toda vez que o importe desta partida que consta no proxecto publicado é de 40.297,09 euros, sen embargo a suma das cantidades incluídas neste capítulo supón un total de 28.192,70 euros.

Trasladada a consulta ao arquitecto municipal, éste emite informe con data do 20 de decembro de 2019, no que fai constar que “Con data 20/12/2019 se presenta escrito do redactor do proxecto no que se comunica que se detectou un erro de impresión no Capítulo 14 das medicións, non sendo correcta a que figura no proxecto aprobado e aportando corrección únicamente desde capítulo 14. Este erro non modifica as condicións nin o orzamento aprobado, pois o presuposto se mantén na cantidade xa aprobada”. O informe conclúe con que “...se presta conformidade técnica previa á presente corrección do Capítulo 14 das medicións do Proxecto para o “Edificio Sociocultural na parroquia de Cela. Cambre”.

Consta no expediente informe emitido polo arquitecto redactor do proxecto , don David Sarmiento Nogueira, asinado con data do 20/12/2019, no que expón que se detectou un erro no capítulo 14 Urbanización, Medicións e Orzamento das Memorias do Proxecto Básico e de execución, non sendo correcta a documentación existente ao faltar a descrición dunha parte no dito capítulo non atopándose descrita no mesmo por un erro de impresión. Indica que este erro non modifica as condicións nin o orzamento de execución material asignado xa que o total do capítulo sí que é correcto, así como o valor total do orzamento, e indica que achega documento asinado coa “pequena corrección”.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria accidental da Corporación, de data 23 de decembro actual.

Tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro . Aprobar o documento asinado con data do 20/12/2019 polo arquitecto don David Sarmiento Nogueira e informado favorablemente polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que se contén a descrición completa e corrixida do “Capítulo C14. Urbanización”, por un importe total neste capítulo de 40.297,09 euros, para a súa incorporación ao “Proxecto básico e de execución para o Edificio socio cultural na parroquia de Cela. LG Pena (suelo) A Igrexa Cela. 15660 Cambre ”, que foi aprobado por acordo Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre, na súa sesión ordinaria do día 10 de decembro de 2019, esto tendo en conta que debido a un erro non se incluíu neste capítulo do proxecto a partida “P.A. conexión redes municipais”, e que o documento presentado non modifica nin as condicións nin o orzamento de execución material do proxecto aprobado, senón que non consta no proxecto debido a un erro de impresión.

Segundo : Manter nos seus termos o contido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data 13 de decembro de 2019, abrindo un novo prazo de Presentación de ofertas

Terceiro : Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como o documento aprobado para a súa incorporación ao proxecto aprobado, efectuando unha rectificación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

Verónica María Otero López